

# Coeduc@

Consultora de coeducación

## Plans de Igualdade de centro

### **Que é un Plan de Igualdade de centro?**

Un programa de intervención educativo que introduce a coeducación no centro.

### **Cal é a funcionalidade do Plan de Igualdade de centro?**

Detectar a situación de Igualdade entre mulleres e homes para deseñar medidas que poidan diminuír as diferenzas e mellorar a Igualdade.

### **Cales son as fases dun Plan de Igualdade de centro?**

1. Diagnóstico da situación do centro en materia de Igualdade.
2. Deseño do Plan específico e execución .
3. Avaliación de todo o proceso.

### **Cal é a validez dun Plan de Igualdade de centro?**

Un curso lectivo. Cada ano debe renovarse o Plan de Igualdade de centro específico para que as medidas dispostas teñan éxito. De igual maneira deberá realizarse cada curso lectivo un novo deseño e diagnóstico, así como executar novas medidas de actuación.

### **Que beneficios aporta para o meu centro educativo?**

- Mellorar a convivencia no centro
- Diminuír as diferenzas entre ambos sexos
- Educación en Igualdade para o alumnado
- Prevención da violencia de xénero entre o alumnado
- Prevención do acoso escolar por razón de sexo
- Prestixio para o centro: formar parte da primeira rede de centros coeducativos de Galicia

### **Cando comezará o centro a beneficiarse do Plan de Igualdade?**

Dende a execución da primeira medida ou actividade desenvolta no centro e acentuarase a medio e longo prazo.

### **Por que mellora a convivencia no centro?**

O Plan de Igualdade de centro introduce unha serie de medidas e actividades a executar no centro que buscan reducir unha das causas principais de conflito entre o alumnado: o machismo.

### **Executar un Plan de Igualdade de centro suporá unha maior carga de traballo para o profesorado?**

Non. Todo o traballo é realizado por Coeduc@.

### **Que debe aportar o centro para executar un Plan de Igualdade?**

Unha actitude positiva e compromiso social por parte da comunidade educativa.